

SÓLODOS EN DANZA



OURENSE / 2018

FESTIVAL INTERNACIONAL DE DANZA CONTEMPORÁNEA
E CERTAME DE CREACIÓN DE DUOS E SOLOS

23 E 24 DE NOVEMBRO - AUDITORIO MUNICIPAL DE OURENSE

Imaxe do espectáculo On de Alba Fdez Cotelo / Manu Lago



23 NOVIEMBRE · VENRES

11.00 - 12.30 h / **Función Premio XOVE** / Sala Principal:

·**Función** das 6 pezas finalistas para público xuvenil.

·**Charla:** Ao finalizar o espectáculo haberá unha charla cos artistas na Sala Principal.

·**Votación:** Posteriormente os estudantes votarán a súa coreografía preferida, a peza ganadora recibirá o Premio Xove SÓLODOS EN DANZA / OURENSE / 2018 que se entregará o día 24.

Actividade realizada en coordinación coa Concellería de Educación Concello de Ourense.

18.00 - 19.30 h / **Programa Formación Profesional** / Sala Apego:

Master Class de Mikel Arístegui na Sala Apego para Artistas Finalistas + Profesionais de Danza.

20.30 h / **Gala Internacional SÓLODOS EN DANZA / Ourense / 2018** / Sala Principal. **Coreografías e compañías:**

DON LIMPIO / Iron Skulls - Moisés "Moe" / Cataluña

Interpretación e creación: Moisés "Moe" | Duración: 10 min.

A vida de Don Limpio: Lavar, asear, pulir, varrer, frotar, fregar, acicalar, adecentar, abrillantar, ...& limpar.

ON / Cía Exire - Alba Fernández Coteló / Galicia / Premio SÓLODOS En Danza / OU / 2017

Creación e Interpretación: Alba Fernández Coteló - Cía Exire | Duración: 10 min.

De repente, un só dedo encende cada parte do meu corpo. A súa enerxía leva as miñas vísceras a experimentar unha sacudida tan potente como a forza mínima que provoca violentos furacáns. Son os xestos sutís que envolven a atmósfera de caricias e enerxía vital. Convidote a que entres no meu corpo sen ter compaixón. Entrás e percorres, observas, explosionas. Ven, ven... Mece o meu corpo, para que se mova diferente, e me transporte a outro lugar.

SE - NW / Tejido Conectivo - Miguel Ángel Punzano e Andrea Amor / Madrid

Dirección, creación e interpretación: Miguel Ángel Punzano e Andrea Amor | Deseño sonoro: Miguel Ángel Punzano

Deseño de iluminación: Virginia Rodríguez | Deseño de vestuario: Irma Veiga | Duración: 15 min.

The Walk é unha experiencia escénica sobre a poética do camiñar. Unha peza de danza contemporánea que se sucede a través de tres paisaxes construídas sobre o diálogo entre a gravidade e o equilibrio, o percorrido e a arquitectura dos corpos. SE-NW é unha desas paisaxes.

En SE-NW, a idea de Tempo e a idea de Espazo: dous conceptos tan inseparables como inaprensibles revélanse, fanse visibles e palpables, sírvense dos corpos para poñerse de manifesto.

SIN MIEDOS / Iron Skulls - Diego Garrido / Cataluña

Dirección, creación e interpretación: Diego Garrido | Música: Nils Frahm - Says | Residencia artística: Auditorio San Martín, Barcelona | Mellor solo no Certamen Microdanza de Madrid, 2015 | Duración: 9 min.

"O guerreiro sabe que, tras cada enfrentamento, nunca volverá a ser o mesmo". Sen Medos comenza cos irresoltos e premonitorios pasos do individuo que se arroxa a unha deshabitada nudez. Sen ningunha garantía de éxito, os artistas, compunxidos e oprimidos por unha historia de asuntos irresoltos, emprenden a necesaria e arriscada viaxe cara a verdadeira identidade do ser. Afogándonos na viscosidade das súas inseguridades, o bailarín arrastráranos a unha turbulenta intimidade na que a negrura unicamente desemboca nun universo de matices grisáceos.

LAS MUJERES / Héctor Plaza e Agnés Sales / Cataluña

Creación e interpretación: Héctor Plaza e Agnés Sales | Duración: 15 min.


10 da mañá. Esta vez ninguén vai chamar á porta. Palabras que compoñen os recordos dunha nena sobre a reacción da súa nai. Para nós, o detonante dun delirio que pon á luz a pegada que nos deixan as nosas vivencias.



SIN MIEDOS (Foto: Tomás Roncero)



ON (Foto: Manu Lago)



SE-NW (Foto: Claudio Pallazzo)



DON LIMPIO (Foto: Festival Hop)

24 NOVIEMBRE · SÁBADO

10.00h - 11.00h / **Programa Formación Maiores · Público Xeral** / Sala Apego

Master Class de Danza Contemporánea para Maiores con **Erick Jiménez - Sólodos**

12.00 - 14.00 h / **Foro SÓLODOS** / Sala Vermella

Intervención: Erick Jiménez de Sólodos, Costa Rica - Ourense / Natividad Buil do Festival Trayectos de Zaragoza e Red A Cielo Abierto (Rede de festivais de danza contemporánea en espazos non convencionais de España), Víctor López Carbajales do Centro de Danza de Zaragoza / Rui Pires do Festival ContraDANÇA, Festival de Dança e Movimento Contemporâneo de Covilhã, Portugal / Cristina Samaniego do Espacio Espiral, Laboratorio Escénico y de Artes Afines de Santander / Rebeca Martín Tassis de Espacio Les Naves de Gijón.

17.00 - 18.30 h / **Programa Formación Profesionais** / Sala Apego

Master Class de **Tejido Conectivo** · **Miguel Ángel Punzano** para Profesionais de Danza.

18.45 - 20.00 h / **Programa Formación Estudiantes** / Sala Apego

Master Class de **Tejido Conectivo** · **Miguel Ángel Punzano** para Estudiantes das Escolas de Danza.

20.30 h / **Certame de Creación de Dúos e Solos** / Sala Principal:

·**Certame coas 6 pezas finalistas**, dúos e solos en danza contemporánea seleccionadas:

-**CUANDO LAS AVES OYEN MI PASO** / Ricardo Flores / México - Portugal / Intérpretes: Ricardo Flores e Diana Pinto.

-**DO YOU?** / Irene Maestre Serrano e Luis Martínez Gea / Murcia - Cadete, Albacete / Intérpretes: Irene Maestre Serrano e Luis Martínez Gea

-**ÁTICA** / Elvi Balboa e Lucía Bocanegra / Sevilla - Sanxenxo, Pontevedra / Intérpretes: Elvi Balboa e Lucía Bocanegra

-**TIEMPO** / Nacho Cárcaba / Asturias / Intérprete: Nacho Cárcaba

-**EPHIMERO** / Paula Pérez Pinilla e Camina Gimeno Latas - Cía Peace of Mind / Zaragoza / Intérpretes: Paula Pérez Pinilla e Camina Gimeno Latas

-**ENTRE NOSOTROS** / Salvador Rocher / Santa Pola, Alicante / Intérpretes: Melodía García Sánchez e Salvador Rocher.

· **Descanso 10 min. Votación Premio do Público.**

· **Actuación Artistas convidados:**

Antes da entrega de Premios actuarán as seguintes compañías convidadas e coreografías premiadas:

I'M NOT A KID ANYMORE / **Amáu Pérez** / Premio XOVE recibido en SÓLODOS En Danza / OU / 2017 e coreografía premiada no Certamen Internacional de Coreografía Burgos & New York 2018.

Creación e interpretación: Amáu Pérez | Duración: 10 min.


Un ser humano expresa a través de si unha idea inicial baseada solo no seu aspecto superficial. ¿Pero atópase a madurez dentro dese corpo ou é un elemento creado pola percepción externa? ¿Son xa un adulto? Xa non son un neno pero tampouco quero deixar de sê-lo.

KINTSUGI / **Iron Skulls** / Coreografía premiada no Certamen Internacional de Coreografía Burgos & New York 2017.

Dirección: Iron Skulls Co | Coreografía e interpretación: Adrián Vega, Moisés "Moe", Héctor Plaza "Buba", Diego Garrido e Agnès Sales Martín | Duración: 14 min.

Kintsugi é unha técnica xaponesa de reparación de obxectos que se remonta ao século XV e unha filosofía que plantexa que as fisuras e as reparacións forman parte da historia dun obxecto e non hai que escondelas. Estas deben embelecer ao obxecto, deixando ao descuberto a súa transformación e o seu pasado. Interesados nas novas linguaxes e nos límites do movemento, Iron Skulls Co. mergúllase no formato de quinteto na procura da relación entre técnica, beleza e imperfección a través da danza.

· **Entrega de Premios**



LAS VIUDAS (Foto: Héctor Plaza)



I'M NOT A KID ANYMORE (Foto: Manu Lago)



KINTSUGI (Foto: Vicente R.)

Certame de Creación de Dúos e Solos / Pezas Finalistas

·Cuando las aves oyen mi paso / Ricardo Flores / México - Portugal

Intérpretes: Ricardo Flores e Diana Pinto

A peza fala sobre a partida. En México, é común colgar zapatos nos fios de alta tensión como un tributo aos que partiron e deixaron o calzado cara atrás, camiñando descalzos polo camiño da eternidade. A través de movementos minimalistas, da utilización da mímica e de escasos elementos escénicos, explórase algo que vai máis alá da planta baixa, pero que tampouco é imaxinario - porque os nosos corpos existen, percíbense da presenza un do outro, dos outros e das súas vibracións.

·Do you? / Irene Maestre Serrano e Luis Martínez Gea / Murcia - Cadete, Albacete.

Intérpretes: Irene Maestre Serrano e Luis Martínez Gea | Coreografía Premiada no VII Festival Abril en Danza 2018 - Muestra Jóvenes talentos para participar como finalista en Sólodos En Danza / Ourense / 2018.

Trata das maneiras de amar e como o interpreta cada ser e a intensidade de recibilo. A definición de amor, cun compañeir@ de viaxe nesta supervivencia que é a vida, o meu punto de vista. Xogamos cun dito: "A MIÑA MEDIA LARANXA", eu non comparto este dito xa que cada un non somos metade porque estamos enteiros, entón cada un pode ser unha laranxa ou calquera outra froita.

·Ática / Elvi Balboa e Lucía Bocanegra / Sevilla - Sanxenxo, Pontevedra

Intérpretes: Elvi Balboa e Lucía Bocanegra

ÁTICA é o lugar no que se atopan dúas descoñecidas. DOUS extremos que se unen nun xogo. UN diálogo armónico creado polas súas diferenzas. DANZA e espazo fan posible esta historia espontánea, este entonro cotián.

·[Tiempo] / Nacho Cárcaba / Asturias

Intérprete: Nacho Cárcaba

Tempo, habitando na pel, nos ósos, naquelo que se move duns a outros, habitando na súa pel, nos seus ósos, naquelo que os move, a uns e a outros, ... descubrir un momento mentres outros empezan a correr en busca do seu tempo, que habitará a súa pel, os seus ósos e moverase... duns a outros.

·Ephimero / Paula Pérez Pinilla e Camina Gimeno Latas - Cía Peace of Mind / Zaragoza

Intérpretes: Paula Pérez Pinilla e Camina Gimeno Latas

Os sentidos son a porta entre o ser humano e o exterior. Sen palabras, cando dúas persoas se miran aos ollos, establecen un cimento de confianza e comunicación. A través dos aromas, sons e o simple tacto, viaxamos cara un mundo de recordos e sentimentos que nos van conectando, no transcurso da vida. Pensamentos fugaces sumisos a un cronómetro que nos balancean entre o duradeiro e as agullas do efémero.

·Entre Nosotros / Salvador Rocher / Santa Pola, Alicante

Intérpretes: Melodía García Sánchez e Salvador Rocher.

Son as 19:00 pm, aterrizamos en terreo descoñecido, observou e analizou, o capitán está inqueda e so busca como volver. Sen embargo, eu so vexo unha nova oportunidade de cambio ao vemos rodeados desta nova sociedade. Quizáis si quedamos o logremos e se non funciona non importa, todo queda entre nós.

Premios

Premio SÓLODOS EN DANZA / OURENSE / 2018

Premio do Público

Premio Xove

Premio Finalista Danza en la Catedral - Bailando con Piedras / organizado polo Certamen Internacional de Coreografía Burgos - New York

ENTRADAS Á VENDA EN ATAQUILLA.COM OU NA BILLETEIRA DO AUDITORIO NO MESMO DÍA DAS FUNCIÓNS

www.solodos.es

Equipo SÓLODOS En Danza Ourense 2018

Dirección e coordinación: Erick Jiménez e Maruxa Salas | Xefe técnico: Afonso Castro | Producción, web e imaxe: Manu Lago